



Reunión do Comité de Empresa

Vigo, 10 de Xuño de 2010

Posición da C.I.G. a respecto do Plan de Formación

Tal como sempre mantivemos, a formación sendo un dos factores imprescindibles no futuro de calquera empresa, a C.I.G. ven defendendo os maiores recursos posibles públicos para co noso centro de traballo.

Nembargantes esta defensa debe ir parella o compromiso compartido entre a Dirección e Representación Social en lograr en que esta finalidade non se atope con deficiencias relevantes a hora da súa xestión.

No noso entender, e con independencia do que vimos manifestando nas reunións da propia comisión de seguimento, como é o feito de aparecer varias veces o mesmo nome para un mesmo curso, ou tamén determinados cursos os cales só teñen acceso algúns colectivos, cando se debera favorecer a universalidade da formación, revélanos criterios moi discutibles a hora da selección dos traballadores.

Pero o que realmente determina a nosa posición, e saber que, tendo este cursos como finalidade *“mellorar as competencias e cualificacións dos traballadores así coma a súa actualización e especialización profesional”*, a día de hoxe e despois de un ano de ser aplicada a *“mobilidade funcional”* dos profesionais, podemos afirmar que bastantes destes traballadores non percibiron os cursos que no seu día se comprometeron a impartirles en sintonía cos que se realizan nos seus talleres de procedencia.

Polo exposto os membros da C.I.G. neste órgano colexiado, manifestamos o noso voto de ABSTENCIÓN, en aras de que a Formación como un dereito que temos os traballadores/as e o tempo unha necesidade industrial, sexa aplicada con criterios racionais onde prime a igualdade de oportunidades.

Asdo: Victor Da Lama Novoa
Resp. na Comisión

Henrique Pérez González
Secretario da Sec. Sindical